

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DE AULA

MATERIA: **Educación financeira, 1º de ESO - CURSO: 20/21**

PROFESORA: Patricia Lama Bravo

CONTIDOS E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL

CONTIDOS A IMPARTIR NA 1ª AVALIACIÓN.

UD 1: O meu diñeiro, a miña vida, o meu futuro..

UD 2: Aforro, porque eu o merezo.

UD 3: Controla a túa vida! Controla o teu diñeiro! .

CONTIDOS A IMPARTIR NA 2ª AVALIACIÓN

UD 4: Crédito usar sen abusar.

UD 5: Es un consumidor intelixente?.

UD 6: O meu banco e mais eu.

CONTIDOS A IMPARTIR NA 3ª AVALIACIÓN

UD 7: Como o vas aboar?.

UD 8: As tarxetas: amigos ou inimigos?.

UD 9: Fai crecer o teu diñeiro!.

UD 10: Protexe o teu diñeiro!.

SISTEMA DE AVALIACIÓN

Farase **unha proba escrita** por cada avaliación con preguntas **teóricas e prácticas**, que puntuará de 0 a 10. Esta parte representará un **60%** da nota de cada avaliación.

Outro **30%** da nota de cada avaliación valorarase mediante a realización periódica de **actividades en clase e actividades de control**.

O restante **10% da nota final** corresponde á realización das tarefas na casa, **actitude, interese, asistencia, puntualidade...**

	Ponderación
Nota da proba escrita	60%
Actividades realizadas na clase, actividades de control	30%
Tarefas na casa, actitude, asistencia, puntualidade...	10%

Entenderase **aprobada a avaliación** se sumada a nota da proba escrita e a media aritmética dos demais elementos avaliados (ponderando ambas polas súas porcentaxes correspondentes) obtense un **cinco ou máis**.

Os alumnos que non acaden unha puntuación superior ou igual a 5 en cada avaliación deberán **recuperar** a parte non superada. A parte a recuperar poderá ser **as actividades de clase, a proba escrita ou ambas**.

Realizaranse probas escritas de recuperación da 1ª e 2ª avaliación a principio da avaliación seguinte. A 3ª avaliación recuperarase na proba escrita final.

O mesmo día que se realicen as probas escritas de recuperación, os alumnos entregarán as **actividades de clase que se lles indiquen**.

Para **aprobar a materia** é preciso ter as **tres avaliacións aprobadas**. A nota final do curso será a media das notas das avaliacións contando as recuperacións como 5. No mes de **xuño** farase unha **proba final** para aqueles alumnos que teñan algunha avaliación pendente.

Os alumnos que non superen a proba final de xuño deberán presentarse a convocatoria extraordinaria de **setembro**. Acudirase coa **materia completa**, con independencia de cal sexa a parte suspensa.